


COMPOSTELA ECO 2017 (II Edición)
Mercado de alimentación ecolóxica certificada
Praza Roxa, 25 ao 28 maio 2017

HORARIO DE APERTURA AO PÚBLICO
Ininterrompido de 11:00 a 21:00 h



BASES DE PARTICIPACIÓN

1. Compostela Eco 2017

Convocada conxuntamente pola Asociación de Produtores Ecolóxicos de Galicia, APEGA, e a Fundación Santiago Centro, Área Comercial, a segunda edición de **Compostela ECO 2017** celebrarase na Praza Roxa de Santiago de Compostela os días 25 a 28 de maio de 2017 (ambos incluídos), ponte da Ascensión.

Realízase como continuación da primeira edición, levada a cabo en 2016, cos obxectivos de:

- Crear unha conciencia positiva cara os produtos ecolóxicos certificados.
- Difundir as características e vantaxes dos produtos certificados.
- Facer accesible o produto ao conxunto da poboación, sacándoo por uns días das súas canles habituais de distribución.
- Introducir o produto ecolóxico certificado como elemento de diferenciación na oferta gastronómica da zona.
- Divulgar a importancia dunha alimentación sa e os seus efectos sobre a saúde das persoas.
- Vincular a produción ecolóxica coa economía local e o mantemento dun estilo de vida.
- Difundir entre os escolares as vantaxes do produto ecolóxico como parte dun estilo de vida saudable e respectuoso co medio ambiente.
- Dinamización das rúas e prazas do Ensanche de Santiago, atraendo a veciños e turistas.
- Asentar un evento de calidade, tralos bos resultados da primeira edición.

Compostela Eco 2017 consta de:

1. **Exposición comercial** (venta ao público) a realizar na Praza Roxa en estrutura modular. Dirixida exclusivamente a alimentos de produción ecolóxica certificada.

Convócase como expositores a:

- Produtores de proximidade: produtos de horta fresca sen RSI, en adiante "Produtores de horta fresca".
- Establecementos de venda polo miúdo.
- Produtores, elaboradores, transformadores e envasadores con RSI.

2. **Actividades de divulgación, formación e debate.**

- Ciclo de conferencias sobre Alimentación Saudable, que terá lugar na semana do 22 ao 28 de maio no CSC do Ensanche.
- Ciclo de conferencias e talleres sobre Alimentación Saudable, a celebrar nos colexios de Santiago e bisbarra.

3. **Alimentación Saudable: Ruta EcoGastro.**

- Promovido en colaboración coa Asociación de Hostalaría de Santiago e Comarca.
- Ruta de tapas realizadas con alimentos ecolóxicos certificados, en establecementos hostaleiros do Ensanche.
- Degustacións e preparación *in situ* de tapas elaboradas con produtos certificados, na exposición comercial.
- Inclúe edición e elaboración de guía de provedores de produtos ecolóxicos para a súa distribución entre os hostaleiros.

4. **Programa de Actividades.**

- Desenvolvemento de actividades de lecer e formación, dirixidas ao público infantil, sobre temas vinculados coa agricultura, o medio ambiente e a alimentación saudable.
- Actuacións musicais e/ou de lecer dirixidas a todos os públicos.



BASES DE PARTICIPACIÓN

A participación no Mercado Compostela ECO 2017 implica a aceptación destas Bases e das decisións que tome a Organización, en beneficio do evento.

1. DATAS, LUGAR E HORARIOS

Compostela ECO 2016 celebrarase os días **25, 26, 27 e 28 de maio** na Praza Roxa de Santiago de Compostela. A mostra realizarase nun pavillón modular.

O horario de apertura do recinto ao público será ininterrompido **de 11:00 a 21:00h**.

No caso de forza maior, ou se non se acadan obxectivos, a Feira poderase anular sen que os expositores poidan realizar reclamación ningunha por danos a causa da anulación.

2. EXPOSITORES

2.1. PARTICIPACIÓN

- a. Para poder participar como Expositor, os interesados deberán formalizar unha Solicitud **antes das 22:00 h do día 30 de abril de 2017**. Non se aceptarán solicitudes remitidas fóra do prazo establecido.
- b. A Organización resérvase o dereito de pechar a Convocatoria antes do día 30/abril/2016, se antes se cobren todas as prazas dispoñibles para a Feira.
- c. Todos os produtos/alimentos que se expoñan ou se poñan á venda deberán contar coa certificación do CRAEGA (ou correspondente, se se trata de produtos de fóra de Galicia).
- d. A organización resérvase o Dereito de Admisión.
- e. No momento de cumprimentar a Solicitud de Participación os expositores deberán acompañar fotografías de calidade, para seren utilizadas nos distintos formatos de publicidade e promoción da Feira.
- f. A Organización poderá excluír do Mercado, ou retirar total ou parcialmente os seus produtos, a aqueles expositores que non cumpran estas Bases ou que non colaboren para favorecer o desenvolvemento do evento.
- g. Os expositores non poderán ceder o seu espazo, nin total nin parcialmente, a outros produtores, tendas ou empresas sen autorización da Organización.

2.2. CUMPRIMENTO DE OBRIGAS

- a. Todos os expositores deberán cumprir rigorosamente as normativas vixentes en materia laboral, tributaria, de hixiene e de manipulación de alimentos. Os expositores asumen toda a responsabilidade. A Organización non será responsable das irregularidades.
- b. Asemade os expositores contarán con seguro de Responsabilidade Civil con cobertura para a súa participación na Feira Compostela ECO 2017; ou asumen expresamente a Responsabilidade Civil de calquera incidente ou incidencia que teña que ver directamente coa súa participación na Feira.

2.3. PREZOS E FÓRMULAS DE PARTICIPACIÓN

- a. **Os produtores de horta fresca** poderán participar na Feira ben as catro xornadas que dura a Feira, ben en quendas de dous días consecutivos. Deberán indicar na Solicitud de Participación as datas nas que desexan participar.

A tarifa de participación para os Produtores é de 10,00 €/día (IVE 10% non incluído):

- A tarifa para participar nas catro xornadas é de 40,00€+IVE 10%.
- A tarifa para participar en dúas xornadas consecutivas é de 20,00€+IVE 10%.

- b. **Os establecementos de venda polo miúdo (tendas)** poderán participar ben os catro días que dura a Feira; ben as dúas xornadas festivas (xoves 25 e domingo 28 de maio). Deberán indicar na Solicitud de Participación as datas nas que desexan participar.

A tarifa de participación para as tendas é de 25,00€/día (IVE 10% non incluído):

- A tarifa para participar nas catro xornadas é de 100,00 €. (IVE 10% non incluído).
- A tarifa para participar os días 25 e 28 de maio é de 50,00 € (IVE 10% non incluído).

- c. Os restantes expositores participarán os catro días que dura a Feira. A tarifa de participación é de 100,00€ (IVE 10% non incluído).

- d. Os asociados de APEGA terán un desconto do 20% sobre as tarifas de participación.

2.4. RESERVA EN FIRME E ABONO DAS COTAS DE PARTICIPACIÓN

- a. A inscrición non será firme ata a sinatura do Contrato de Participación e pago do total da cota de participación, obrigatoriamente antes do día 16 de maio de 2017.

- b. Se por motivos propios da Organización se decide suspender a Feira, reintegrarase aos expositores a cota de participación íntegra.

- c. Se por causa de forza maior (motivos alleos á Organización) se decide suspender parcial ou totalmente a Feira, non se reintegrarán as cotas de participación.

2.5. ESPAZOS

- a. Os produtores de horta terán á súa disposición para expoñer espazos específicos.

- b. Os restantes expositores terán á súa disposición para expoñer espazos de 2,5 x 2 m. O espazo poderá dispoñer de conexión eléctrica se o expositor o inclúe na súa Solicitud de Participación.

2.6. DISTRIBUCIÓN, MONTAXE, HORARIOS

- a. A Organización distribuirá os espazos co único criterio de beneficiar ao conxunto da Feira e de facilitar o tránsito do público asistente polo pavillón.

- b. Estableceranse horarios de montaxe e recollida, que os expositores deberán respectar de xeito rigoroso.

- c. Os expositores deberán aterse aos horarios de apertura e peche da Feira ao público.

3. PROMOCIÓN DA FEIRA

- a. A Organización responsabilízase da promoción da Feira.

- b. Realizaranse accións de promoción e/ou publicidade directa, en redes sociais e medios de comunicación.

4. PROTECCIÓN DE DATOS

- a. Os solicitantes quedan informados e consenten expresamente en que os seus datos sexan incorporados a un ficheiro para o seu tratamento automatizado relacionado cos fins exclusivos do obxecto da súa participación. Os solicitantes poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose á Secretaría Técnica de Organización: Versal Comunicación, S.L., Xosé Chao Rego 8-10 baixo, 15705 Santiago de Compostela, info@compostelaeco.com.